



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA, A TRAVÉS DO CENTRO NACIONAL DE INFORMACIÓN GEOGRÁFICA, E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, ORGANISMO AUTÓNOMO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, PARA A OBTENCIÓN DUNHA COBERTURA DE IMAXES AÉREAS E ORTOFOTOS DE 2020 DE GALICIA

(1) O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e recentemente modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio, e en particular, o impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados.
- Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, co fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial.
- A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, o que inclúe, en particular:

Coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais e urbanísticos das diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma, así como o apoio técnico á difusión e formación de actuacións en materia de información xeográfica desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou en coordinación con ela.





- Xestionar os sistemas de información corporativos vinculados ao territorio a partir das bases de datos cartográficas e espaciais existentes na consellería e no resto dos órganos da Administración xeral e entidades do sector público autonómico de Galicia que así o demanden, así como calquera outra información que se poida localizar sobre o territorio e que sexa susceptible de ser incorporada coa súa referencia xeográfica para a xestión da Infraestrutura de datos espaciais de Galicia (IDEG).
- Incentivar a innovación, a adopción e o desenvolvemento de tecnoloxías e infraestruturas propias no campo de información xeográfica do territorio galego. Así mesmo, abordárase a planificación e o desenvolvemento de servizos de valor engadido e de novos sistemas e aplicacións en materia de información xeográfica para Galicia.

O Centro Nacional de Información Xeográfica (CNIG), Organismo Autónomo adscrito ao Ministerio de Transportes, movilidad y agenda urbana, a través da Dirección General del Instituto Geográfico Nacional, ten por finalidade, entre outras, a de producir e desenvolver os traballos de carácter xeográfico que demande a sociedade, con especial dedicación á realización de proxectos baseados en tecnoloxías avanzadas, programas de investigación e desenvolvemento, e prestación de asistencia técnica no ámbito das ciencias e técnicas xeográficas, todo iso nun marco estratéxico común coa Dirección General del Instituto Geográfico Nacional, tal e como se establece nos artigos 122.2 da Ley 37/1988 de Presupuestos Generales del Estado para 1989, do 28 de decembro (BOE/BOE do 29 de decembro), pola que se crea o CNIG, así como nos artigos 4 e 5 do Estatuto do CNIG, aprobado por Real Decreto 663/2007, de 25 de mayo (BOE do 5 de xuño).

(2) Antecedentes:

Débese destacar a formalización o 1 de xuño de 2010 do convenio de colaboración coa Administración Xeral do Estado, en virtude do cal a Comunidade Autónoma se integra no Sistema Cartográfico Nacional e desenvolve no seu territorio determinados contidos do Real Decreto 1545/2007, de 23 de novembro.

Cómpre igualmente ter en conta o Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, na medida en que a ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica en Galicia lévaa a cabo a Xunta de Galicia mediante o presente regulamento, que desenvolve, parcial e puntualmente, o disposto na Lei 14/2010, do 5 de xullo, atendendo ás especialidades derivadas da súa organización





propia como comunidade autónoma, así como a Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, e o Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro.

Este decreto persegue a regulación do exercicio das funcións públicas en materia de información xeográfica e actividade cartográfica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito que tal exercicio sexa eficaz, estea coordinado coa actuación dos restantes operadores públicos integrados no Sistema cartográfico nacional e, en definitiva, poidan atinxirse obxectivos como garantir a homoxeneidade da información producida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entidades instrumentais do sector público autonómico que desenvolvan actividades cartográficas, co fin de asegurar a coherencia, a continuidade e interoperabilidade desa información xeográfica sobre o territorio galego; favorecer a eficiencia no gasto público destinado a cartografía e sistemas de información xeográfica e evitar a dispersión e duplicidade dos recursos públicos utilizados, promovendo a cooperación interinstitucional; ou optimizar a calidade da produción cartográfica oficial e a súa utilidade como servizo público, facilitando o acceso á información xeográfica e favorecendo a competitividade do sector cartográfico privado.

Finalmente cómpre destacar os convenios de colaboración para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas, asinados nos anos 2018 e 2019 polo IET, a FEGAMP e os concellos de Cambre, Carballo, Oleiros, Lugo, Sanxenxo e Pontevedra (2018) e Ames, Betanzos, Fene e Teo (2019).

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, a través do Centro Nacional de Información Geográfica o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de ata o 31/12/2021, salvo a prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.

(4) Este convenio ten por obxecto regular a coordinación de actuacións conxuntas para a obtención de coberturas de voo fotogramétrico dixital e de ortoimaxes dixitais en cor, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

As actuacións conxuntas contempladas no marco deste Convenio, polo CNIG e a Comunidade Autónoma de Galicia, serán:

- Captura dunha cobertura de fotografías aéreas con resolución mellorada a un tamaño medio de pixel de 18cm.
- Control de calidade do voo fotogramétrico.





- Xeración das ortofotos básicas de 15cm/ pixel.
- Control de calidade das ortofotos.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A lei 14/2010 do 5 de xullo sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica de España, ten por obxecto complementar a organización dos servizos de información xeográfica e fixar, de conformidade coas competencias estatais, as normas xerais para o establecemento de infraestruturas de información xeográfica en España orientadas a facilitar a aplicación de políticas baseadas na información xeográfica polas Administracións Públicas e o acceso e utilización deste tipo de información.

Para a organización dos servizos de información xeográfica e cartografía que contempla a Lei, no seu artigo 17, cóntase coa participación do Sistema Cartográfico Nacional.

O Real Decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional, no seu artigo 2, apartado 1, establece que o Sistema Cartográfico Nacional persegue o exercicio eficaz das funcións públicas en materia de información xeográfica mediante a coordinación da actuación dos diferentes operadores públicos cuxas competencias concorren neste ámbito, cos obxectivos seguintes:

- a) Garantir a homoxeneidade da información producida polos organismos públicos que formen parte del e que de maneira concorrente desenvolven actividades cartográficas no territorio nacional, para asegurar así a coherencia, continuidade e interoperabilidade da información xeográfica sobre o territorio español.
- b) Favorecer a eficiencia no gasto público destinado a cartografía e sistemas de información xeográfica, evitando a dispersión e duplicidade dos recursos públicos utilizados e promovendo a cooperación interinstitucional.
- c) Asegurar a dispoñibilidade pública e actualización dos datos xeográficos de referencia.
- d) Optimizar a calidade da produción cartográfica oficial e a súa utilidade como servizo ao público, facilitando o acceso á información xeográfica e favorecendo a competitividade do sector cartográfico privado.

Cómpre igualmente ter en conta o Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, na medida en que a ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica en Galicia lévaa a cabo a Xunta de Galicia mediante o referido regulamento





(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014., con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Pódese iniciar a tramitación deste convenio de conformidade co previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 24 de abril de 2020, sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico, ao servir para a protección do interese xeral.

Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño,

Tendo en conta as anualidades do convenio a súa sinatura debe someterse á autorización previa do Consello da Xunta por aplicación do establecido na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que se deriven deste convenio de colaboración e que non puidesen ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada ao efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Santiago de Compostela

O director do Instituto de Estudos do Territorio

Guillermo Evia Pérez

(Asinado dixitalmente)

